



Concello do Porriño

BASES PARA O CONCURSO DRAG QUEEN DO PORRIÑO ORGULLOSO 2023

O Concello do Porriño convoca o *Concurso a Drag Queen do Porriño Orguloso 2023* co obxectivo de elixir o Drag Queen do Porriño Orguloso do ano 2023 do Concello do Porriño, así coma o segundo e terceiro clasificados, que terá lugar o mércores 28 de xuño de 2023 ás 20 horas.

As presentes bases rexerán a participación e concesión de premios para aquelas persoas que se presenten ao *Concurso a Drag Queen do Porriño Orguloso 2023*.

1. PARTICIPANTES

Poderán participar neste concurso todas as persoas que teñan cumpridos os 18 anos antes da celebración do acto e que acheguen, previamente ao concurso, a folla de inscrición oficial así coma os documentos que se solicitan.

2. INCRICIÓNS

As inscricións poderán presentarse de modo presencial no Rexistro Xeral do Concello do Porriño (de luns a venres de 9 a 14 horas) ou de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello do Porriño mediante instancia xenérica.

Achegarase a seguinte documentación:

- A folla de inscrición, que figura como ANEXO I, debidamente cuberta.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte da persoa participante.
- Declaración responsable, que figura como ANEXO II, asinada pola persoa participante de non ter débedas tributarias nin fronte á Seguridade Social.
- Certificado orixinal da conta bancaria da persoa participante

No momento de inscrición deberase enviar ao correo electrónico cultura@oporrino.org a base musical escollida para acompañar o desfile da persoa participante, cunha calidade mínima de 192 Kb e cunha duración máxima de 3 minutos.

O prazo de inscrición será dende o día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios municipal ata o día 23 de xuño, ambos os dous incluídos.

3. CARACTERÍSTICAS E DIMENSIÓNS

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986 33 50 00 Fax: 986 33 05 79





3.1. Os traxes dos aspirantes a *Drag Queen* do Porriño Orgullosa 2023 en ningún caso poderán levar rodas ou calquera outro mecanismo que facilite o desprazamento. Estas limitacións non se terán en conta cando o candidato posúa mobilidade reducida, caso en que se lle permitirá recorrer ao sistema de desprazamento que utilice na súa vida cotiá.

3.2. As medidas non poderán superar as dimensións máximas de 2 metros de diámetro e 3 metros de altura. O xurado e a organización poderán comprobar as medidas antes da celebración do concurso, podendo facelo tamén en calquera momento durante o transcurso deste.

3.3. Os elementos escénicos non poderán superar os 2,50 m de alto por 2,50 m de ancho e 2,50 de longo; nin dispor de motorización de calquera índole. Á súa vez, estes non poderán conter dispositivos con enerxía eléctrica propia, nin se permitirá a súa conexión á rede.

3.4. Está totalmente prohibida a exhibición de calquera tipo de publicidade visual, tanto no conxunto da fantasía, do vestido, como polo participante e os seus acompañantes no escenario.

3.5. A posta en escena e as fantasías inscritas neste concurso deben ser orixinais e de temática libre.

3.6. A organización do *Concurso a Drag Queen do Porriño Orgullosa 2023* resérvase o dereito de celebrar unha preselección se fose necesario, para elixir os participantes no concurso, co obxectivo de velar pola calidade artística do acto. Así mesmo, resérvase o dereito de admitir ou rexeitar os participantes cuxo deseño, a xuízo da organización, non reúnan as características que o nivel e a calidade do concurso requiren.

3.7. No caso de que resulte necesario, a organización poderá solicitar aos deseñadores a presentación dun bosquejo e memoria dos materiais do vestido presentado ao concurso.

3.8. A orde de saída estipularase por rigorosa orde de inscrición dos participantes.

4. COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará constituído por un comité de observación e valoración de premios, nomeado por resolución de Alcaldía, e composto por unha serie de membros en número impar.

5. SISTEMA DE PUNTUACIÓN

5.1. O xurado valorará, á hora de puntuar, os seguintes aspectos:





creatividade, orixinalidade, elaboración do vestido e interpretación e posta en escena. Estes aspectos serán avaliados nunha puntuación do 1 ao 10, que se realizará unha vez finalizada a interpretación dos participantes.

5.2. O xurado deberá conceder, inescusablemente, un só título de *Drag Queen do Porriño Orgullosa 2023*, así como un segundo e terceiro premio. No caso de empate, o xurado procederá ao desempate escrutando entre os participantes empatados o que recibira as notas máis altas pola maioría do xurado, proclamando a este vencedor do concurso.

5.3. En todo caso, o veredicto do xurado será definitivo e os competidores aceptarán esta decisión.

5.4. A votación e as decisións do xurado son inapelables.

6. NORMATIVA

Queda totalmente prohibida a utilización de elementos escénicos como pirotecnia escénica ou aérea, animais, lume, fachos, peveteiros ou outros soportes; confeti, serpentinas en papel ou spray, ou calquera outro material que incida na seguridade dos participantes no espectáculo, sen a autorización previa da organización.

7. PREMIOS

Os premios establecidos pola organización do *Concurso a Drag Queen do Porriño Orgullosa 2023* son os seguintes:

- PRIMEIRO PREMIO: Drag Queen do Porriño Orgullosa 2023: 500 €
- SEGUNDO PREMIO: 300 €
- TERCEIRO PREMIO: 200 €

8. OBSERVACIÓNS XERAIS

8.1. A hora de comezo establécese ás 20:00 horas. A organización convocará os participantes á hora necesaria para o desenvolvemento do certame.

8.2. O día da competición é obrigatorio levar unha copia da base musical coa mesma calidade.

8.3. Calquera outro aspecto da organización e/ou competición que non estea recollido nos apartados anteriores será resolto polo comité de organización.

8.4. O Concello do Porriño resérvase o dereito de modificar, se fose necesario, o desenvolvemento, o lugar, a data e a hora do acto.





Concello do Porriño

8.5. En caso de non chegar a un número mínimo de participantes, a organización resérvase o dereito á cancelación do concurso.

8.6. O incumprimento de calquera dos apartados das presentes bases, leva implícita a perda dos premios e os títulos que lle puidesen corresponder.

8.7. Todos os participantes, unha vez inscritos no concurso, e polo feito de participar, aceptan a totalidade das presentes bases e autorizan á organización a utilizar a súa imaxe para promocións do evento. Todas as imaxes do concurso son propiedade exclusiva do CONCELLO DO PORRIÑO.

9. PUBLICIDADE

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios municipal e na web do Concello do Porriño.

ANEXO I

FOLLA DE INSCRIPCIÓN PARA O CONCURSO A DRAG QUEEN DO PORRIÑO ORGULLOSO 2023

CANDIDATO

Nome:

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986 33 50 00 Fax: 986 33 05 79





Concello do Porriño

Apelidos:

DNI/NIF:

N.º de teléfono:

Correo electrónico:

Enderezo:

Localidade e CP:

DATOS

Nome DRAG:

Título da fantasía:

Alegoría do vestiario:

Tema musical:

Dimensións: _____alto / _____ancho / _____longo

Número de acompañantes* (saen a escena):

- Acompañante 1*:
- Acompañante 2*:
- Acompañante 3*:

Número de axudantes (non saen a escena, permitido só no caso de non traer acompañantes):

- Axudante 1*:
- Axudante 2*:

**Deberase relacionar os nomes, apelidos e DNI de todas as persoas acompañantes e axudantes.*

Sinatura: _____

O Porriño, ___ de xuño de 2023.

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don / Dona:

Con DNI núm.:

Actuando no nome e representación de:

Con CIF núm.:

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, NON:

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986 33 50 00 Fax: 986 33 05 79





- 1.- Estar condenado/a mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- 2.- Ter solicitada a declaración de concurso, ser declarado/a insolvente en calquera procedemento, atoparse en declaración de concurso, estar suxeito/a á intervención xudicial ou ser inhabilitado/a segundo a Lei concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- 3.- Dar lugar, por causa de declaración de culpabilidade, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- 4.- Estar incurso a persoa física, as administradoras das sociedades mercantís ou aquelas persoas que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, en algún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño do réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule esas materias.
- 5.- Incorrer no incumprimento de obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- 6.- Ter residencia fiscal no país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- 7.- Incorrer no incumprimento do pago de obrigas por reintegro de subvencións, nos termos que regulamentariamente se determinen.
- 8.- Ser sancionado/a mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003 xeral de subvencións ou a Lei xeral tributaria.

Advertido das responsabilidades legais que se derivan na falsidade de documentos administrativos, asino a presente declaración.

O Porriño, ____ de _____ de 20__

O/A Declarante

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986 33 50 00 Fax: 986 33 05 79





Concello do Porriño

Documento asinado electronicamente á marxe.

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986 33 50 00 Fax: 986 33 05 79

Cod. Validación: 3JYNNXTPIt6FCFFM3RRNlZPQY
Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7

